



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 11 DE XANEIRO DE 2022

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ABEL CORTÉS PÉREZ (PSdeG-PSOE)

D. M^a ELISABET GONZÁLEZ NISTAL (PSdeG-PSOE)

D. RAMÓN SELAS IGLESIAS (PSdeG-PSOE)

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS(PP)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. ISABEL OTERO POMBO (PP)

D^a M^a DOLORES GRANDE FERNÁNDEZ (PP)

D. JOSÉ LUIS DORRIBO PRADO (PP)

D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (GRUPO MIXTO)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria

D^a M^a EUGENIA PÉREZ ANTÓN

Ausentes:

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. CARLOS GONZÁLEZ DURÁN (BNG)

D. EVA GARCÍA FERNÁNDEZ

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 19:02 horas do día 11 de XANEIRO de 2022 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, M^a Eugenia Pérez Antón.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Boa tarde a todos e a todas e benvidos e benvidas a este primeiro pleno do ano 2022. Dicirllles que non veñen os compañeiros do Bloque, un por cuestións laborais e o outro por cuestións médicas. Dito iso, feliz aninovo a todos e a todas e, Ramón, benvido. Alégranos que esteas nesta aula magna deste concello. Así. Pois ben, dito todo isto, pasamos a tratar os asuntos da convocatoria.

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 4 DE OUTUBRO DE 2021

O Sr. Alcalde toma a palabra: Na parte resolutiva está a aprobación da acta da sesión do 4 de outubro de 2021. Hai algunha consideración que facer sobre ese acta ou esa acta? Vexo que nada. Polo tanto, procedemos á súa votación. Votos a favor? Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobados por unanimidade dos asistentes o seguinte acordo: “ **APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR DO 04 DE OUTUBRO DE 2021**”.

2.-EXPEDIENTE 14/2022.APROBACIÓN DA CIFRA OFICIAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2021.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao expediente 1422 que é o punto número 1, que é a aprobación da cifra oficial de habitantes a 1 de xaneiro de 2021. Como ben saben, tódolos anos temos que render contas co Instituto Nacional de Estatística, cotexar o que son os datos que se nos facilitan por parte dese organismo estatal, cotexalo co Padrón e ver as duplicidades, as altas, baixas e de aí achégase este número definitivo, esta cifra definitiva de habitantes que é de 11.022, pois ben, como ben saben e se reflicte nunha das mocións ou nas dúas mocións que se van a debater posteriormente, pois hai unha mingua de habitantes, que ben, xa se falaran de cales poden ser os motivos ou non e como poñerlle remedio a esa situación. O número de habitantes creo que é de 136 veciños e veciñas. Ben, pois o proceso é ese, o proceso burocrático para aprobar ese padrón é o que acabo de explicar. E non sei se teñen algunha dúbida, algunha cuestión que plantexar? Ramón? Fina? Partido Popular? Tampouco. Pois ben, unha vez que non

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 43



hai debate sobre este asunto, procedemos tamén á votación. Votos a favor da aprobación da cifra oficial de habitantes a 1 de xaneiro de 2021? Vexo que hai unanimidade. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobados por unanimidade dos asistentes o seguinte acordo: “ **APROBACIÓN DA CIFRA OFICIAL DE HABITANTES A 01 DE XANEIRO DE 2021**, coa seguinte proposta:

-Aprobación polo Pleno do Concello de Barbadás, da cifra oficial de poboación do Padrón Municipal de Habitantes deste concello, a 1 de xaneiro de 2021, comunicada pola delegación provincial do INE, e que é a seguinte: 11.022 habitantes.”

3.-EXPEDIENTE 5/2022. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA RECLAMAR MEDIDAS ANTE A PERDA DE HABITANTES DO NOSO CONCELLO

O Sr. Alcalde toma a palabra: O punto número 3, expediente 5222, moción do Grupo Mixto para reclamar medidas ante a perda de habitantes do noso concello. Ten a palabra o seu voceiro.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Moitas grazas. Nos últimos meses teñen aparecido na prensa datos estatísticos dos concellos de Galicia que resultan preocupantes no caso do noso Concello de Barbadás. Dende estes anos que estamos na corporación vimos alertando aos gobernos, tanto do bipartito anterior BNG-PSOE, como o da actualidade PSOE, do estado de ralentización do noso crecemento en termos demográficos e económicos. Tamén afirmamos que este estado demográfico e económico a curto prazo comezaría a ser negativo. Pois ben, os últimos datos sobre poboación dos concellos, din que somos o único concello da comarca de Ourense que perde poboación, 136 persoas menos. Rompendo unha dinámica de crecemento continuado dende 1999. Se ben, nos últimos anos era evidente o frenazo con respecto aos anos precedentes. Como xa dixemos aquí, viñamos alertando a estes gobernos deste proceso de decadencia e que se non se tomaban medidas urxentísimas, que os gobernos anteriores ao 2015 no Partido Popular tampouco foron quen de tomar para o progreso do noso municipio a medio e longo prazo, en poucos anos comezaríamos a estar en datos negativos. Durante estes seis anos, ademais de poñer sobre a mesa esta preocupación, presentamos iniciativas neste pleno, que contribuirían a frear esta inercia





Concello de Barbadás

a medio prazo porque a curto prazo xa nos parecía tarde. Incidimos na necesidade de dar urxentemente os pasos para dotarnos dun polígono comercial; actualizar o plan de urbanismo para fixar máis poboación no rural; medidas que favorecesen o aluguer na Valenzá; reclamar investimentos das administracións superiores, Xunta, Deputación e goberno do Estado; adicación exclusiva ao cargo de alcalde/alcaldesa. Tamén outros grupos presentes aquí na oposición, Democracia Orensana, solicitaron un plan de empadramento sendo conscientes de que moitos habitantes deste concello non o eran oficialmente, o que contribuiría en parte, a frear esta ralentización que sufrimos xa hai uns anos, como xa expuxemos anteriormente. Con esta moción, queremos que todos os grupos sexamos conscientes da realidade á que se enfrenta o noso concello, a curto e medio prazo. Para ter claras as medidas a tomar, tanto polos actuais gobernos como os que veñan nun futuro. Se non revertemos esta situación, pasaremos a ser un concello subsidiado e obrigado a pedir esmola doutras administracións. Polo tanto, os acordos que cremos que se deberían tomar hoxe serían: Primeiro, instar ao grupo de goberno a tomar medidas urxentes para que o noso concello volva a valores positivos en canto a crecemento demográfico. Instar ás administracións superiores, Xunta, Deputación, goberno do Estado, a incrementar as inversións no noso concello para dotarnos das infraestruturas das que carecemos. E por último, instar ao grupo de goberno, se o resto dos grupos así o aproban, a convocar un pleno extraordinario ou unha xunta de voceiros, incluímos nesas punto, onde se debata e se presenten propostas de cara a un plan de desenrolo social e económico a medio e longo prazo. Ben, non sei se me queda moito tempo?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dígame?

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Non sei se me queda?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, si, quédalle tempo. Quédanlle dez minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Ben, unha vez analizados os datos que nos deu o Instituto Nacional de Estatística, nós xa viñamos sendo conscientes desta situación e alertamos aquí, como xa dixemos na moción. Este dato, pois se fose acompañado polo resto dos concellos limítrofes de Ourense porque Ourense tamén perde poboación pero ben xa é normal que a capital sempre perda algo, pois non sería preocupante polo tema

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 43



Concello de Barbadás

da pandemia. Pero, está claro que o noso proceso de ralentización demográfica e económico non é só pola pandemia senón que se debe a que neste concello non se realizaron inversións e nin se traballou para o medio prazo cando medrabamos moito e medraba o noso orzamento moito. Polo tanto, o dato é preocupante. Outros concellos, como Pereiro, pois tamén tiveron mermas de ... porque teñen tamén residencias de maiores, sen embargo, medran. E medran cunha poboación que non chega aos 7.000 habitantes, pero cun orzamento que está preto do que temos nós, tendo nós case o dobre de habitantes. Que ben, nun futuro chegarannos a coller porque está claro que nós, este concello non se traballou por un futuro. Non se creou unha área comercial. O plan de urbanismo estancouse e non se lle deu, non se avanza nel para que a xente se sega comprando no rural e afincándose no rural, que é o que nos dá a nós ingresos pois segundo os habitantes. Entón, despois este proceso está en decadencia. E agora xa empezamos en datos negativos. Entón, se non actuamos e seguimos simplemente xestionando o concello por inercia, pois nós, para nós cremos que estes datos seguirán sendo negativos nos vindeiros anos se non se empezan a tomar medidas que xa digo, a curto prazo, parécenos que xa non se vai a cambiar de repente, porque está claro que o plan de urbanismo, modificalo leva un tempo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, don Ramón. Agora xa excede do tempo.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Vale. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A vostede. Dona Fina, está na súa quenda de palabra.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Boas tardes a todos e feliz ano. Alégrome moito que o compañeiro, ver ao compañeiro e velo ben. Tamén me alegro de que a señora Chelo Vispo se encuentre recuperada da súa operación. Ben, ao tema. Eu, non sei por onde empezar. Teño tantas ideas na cabeza que non sei nin como transmitilas. E que vexo dous problemas que temos. Vamos a ver. Democracia Orensana, como vós sabedes todos e dixo o meu compañeiro, na antiga lexislatura xa vin pedindo que a xente, que había moita xente vivindo no noso concello sen estar empadroada, o cal danos un prexuízo como sabedes. Iso, fixéronse unhas campañas pero, o resultado é que se gastou diñeiro e as campañas realmente non chegaron ás persoas. Porque penso que

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 43



Concello de Barbadás

as campañas teñen que ser activas e esa foi unha campaña pasiva. Eu penso que o que teríamos que facer era incentivar economicamente, con deducións a que a xente se empadroe. Porque, ao final é como a xente máis entende. Cando lle tocan a carteira, pois, se estades catro empadroados, pois tedes dedución pois en calquera imposto, no que se poda facer. Porque claro, non mirei en que impostos se pode baixar, pero si fomentala con diñeiro, con deducións nas áreas que se poidan. Como pode ser, en cultura, na escola de música, ben... onde se poida, ou no polideportivo. Porque as campañas da radio ou de papeleo ou tal, a xente veas pero, nada. Realmente, non son conscientes. Ben, iso por un lado. E o segundo problema, vouvos explicar porque isto si que compete co meu traballo, vouvos explicar o que está pasando por que perdemos poboación. Vamos a ver, Barbadás, apostou pola Valenzá. Isto, a aposta do Concello de Barbadás pola Valenzá, xa vén de hai moitos anos. Non foi unha mala aposta porque crecemos. Pero, que pasou coa Covid? A xente mudou. Mudou de parecer. E eu véxoo no meu día a día. Cando antes se vendían dez pisos e dúas casas, hoxe véndense dez casas e dous pisos. A xente cambiou. A xente quere ir ao rural outra vez. Que nos pasa a nós? O rural témolo abandonado no concello. Non apostamos polo noso rural. Apostamos todo pola Valenzá. Está moi ben, pero non hai demanda. Primeiro, non se está construíndo. A única obra que ao meu entender estase executando era a dos Carrajo; a única obra, pero onde antes tiñamos dez obras, agora temos unha. Aínda encima, non hai demanda; non hai ese típico matrimonio que che vén con dous fillos e di quero comprar un piso na Valenzá, quero alugar un piso na Valenzá. Non hai pisos en aluguer. Porque o mercado do aluguer está colapsado. Ao non vender, ao non vender propiedades, a xente aluga; e o aluguer, se non hai movemento estanca. Hai inquilinos votando dez ou quince anos nunha propiedade. Polo tanto, non hai movemento. Entón, nós vamos seguir a perder, vamos a seguir a perder para o ano que vén máis e máis. Outros concellos como O Pereiro, pois van a crecer. Por que van a crecer? Porque eles é case todo, é todo rural. Non é case todo, é todo rural. A xente que vén ao meu negocio, preguntame pois casas por Pereiro. Por que me preguntan por Pereiro? Porque alí hai casas. Que temos en Barbadás? Catro casas diseminadas en catro pobos sen finca? Iso non é o que se busca. Entón, témolo moi complicado. Moi, moi complicado. O do empradroamento témolo fácil. Porque se ti aos veciños lle incentivas con diñeiro, pois descontos no polideportivo, na escola de música, témolo fácil, porque a xente ao final o

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

que che mide é o diñeiriño. Agora, o outro, témolo difícil porque o outro é froito da pandemia, non é froito de ningún goberno. Froito da pandemia. Barbadás, apostou, se en vez de apostar na súa época pola Valenzá, houberan apostado polo rural, hoxe estaríamos crescendo. Pero, non teríamos A Valenzá. Entendamos, papas ou sorber. Estamos en decadencia o que é a urbe. As urbes das cidades están en decadencias. E o estudo que dicía o señor alcalde que había que miralo, doullo eu e doullo gratis. Doullo eu e doullo gratis porque eu ese estudo teño que telo para o meu día a día, para o meu traballo. E é o estudo que levo vendo dende que veu a Covid. Búscanse casas. Búscanse solares. Non se buscan pisos. Nós non ofrecemos nada. O noso rural non creceu. Véndense catro casas, que é certo, no rural, pero pérdese moito na Valenzá, moita xente de A Valenzá quérese ir para os pobos e estase escapando. Esa estase escapando. E se non acordádevos do que vos vou a dicir

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Para o ano que vén vamos a perder máis poboación, porque non ten solución. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede dona Fina. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde. Trasladarlle, ao señor Selas, a nosa benvinda, dende o grupo, aínda que de xeito particular xa o fixen, pero, en nome do grupo, é un auténtico pracer podelo ter outra vez entre todos nós, nestes plenos, nestas sesións. Dito isto, felicitalle o ano ao resto de compañeiros e compañeiras. Vamos a entrar no miola da cuestión que hoxe nos trae que é unha realidade, pois, pálpase, que xa que dous grupos da oposición, coincidimos en traer este tema ao pleno. Aproveitando de que iamos a aprobar, todos sabiamos de que iamos aprobar as cifras do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do ano pasado. Pois ben, o que temos que ter claro, queridos compañeiros e compañeiras de goberno, queridas e queridos compañeiros da oposición, é cara onde queremos camiñar. Ou estamos a setas ou estamos a roles. Unha de dúas. Temos actualmente un goberno totalmente apesebrado. Como ben dicía o compañeiro Padrón, estannos adiantando concellos máis pequenos, xa non soamente é Pereiro, San Cibrao, senón que temos Toén ao pé, e tamén estannos adiantando. E adiántannos como

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: https://barbadas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 43



Concello de Barbadás

ben dicía, pola dereita. Que fixemos? Fixemos botar a vista ao retrovisor, mirar para atrás nesa, nesa pugna para que o Partido Popular non volva a gobernar en Barbadás, vendo anos pasados cunha insidia total cara certos concelleiros, ex-alcaldes e non nos deixou mirar cara adiante. Entón, lamentamos que adía de hoxe nos atopemos nesta situación de merma do número de padrón de habitantes porque non só se debe á actual pandemia, á Covid, senón que se debe a un montón de actuacións que se están deixando de facer. E soamente temos que darnos a volta, saír dos nosos núcleos rurais e trasladarnos aos concellos limítrofes, parroquias de concellos limítrofes, que limitan con Barbadás. É saír e notar, e palpar, unha total diferenza. E poño o caso que máis coñezo, a miña compañeira Fina coñéceo porque vive nesa marxe, nesa liña entre San Cibrao e Barbadás, saímos do pobo de Loiro de Abaixo e entramos no pobo de Loiro de Arriba. As infraestruturas, servizos, abastecemento, alumeadado, pistas, non teñen nada que ver. Non ten nada que ver. E coincidimos, coincidimos que na actual situación que puidemos ter aproveitado o tirón de que temos unha zona rural, unhas parroquias do rural, que supoñen un número de habitantes importante neste concello, sabendo que hai demanda de familias que motivado polo confinamento pasado e vendo que ben, que as cidades non son tan seguras como son as zonas rurais, e están apostando por ubicarse no rural, e este concello está deixando pasar a oportunidade. Non tiramos por mellorar as nosas parroquias. Simplemente nos dedicamos a maicear con tres mil e catro mil euros, a asociacións culturais afíns ao goberno para ter entretidas as xentes do pobo. É dicir, os pobos, grazas a algunha asociación cultural, o número de días no que mellor alumeadado tivo foron os días de Nadal. Iso non pode ser. Iso é unha vergoña. E culpa dilo, xa non soamente é o grupo de goberno. O grupo de goberno, ben, pois está gobernando en minoría, entón está moi claro que a oposición ten moito que ver, os grupos da oposición que ata agora téñeno apoiado, non poden vir aquí facer ver non sei que, que se preocupan pola problemática que hoxe supón a perda de habitantes no noso concello. Non soamente se teñen que dedicar a traer unha moción. Teñen que ser claros. Teñen que estar aí porque señor Padrón, que pasou con todas as propostas que vostede trouxo aquí na anterior lexislatura que era o pilar fundamental para soste-la este goberno? Que pasou con ela? Simplemente se preocupou de traelas aquí pero non defendelas, non negocíalas fóra do pleno. Entón, para nós, o que fixo foi para nós enganar aos seus votantes. Por que? Porque hai moitas cuestións que puido presionar e tiña a vara para

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

poder facer que o goberno actual e o daquelas, que estaba principalmente apoiado por vostede, se puxera as pilas e hoxe conquistar un Barbadás atractivo para vivir. Como nós vamos a falar deste tema na próxima moción que trae este grupo. Entón, temos que saber cara onde queremos ir. Desgraciadamente este goberno non ten un obxectivo, nin a longo, nin a medio, pero o que é peor, a curto prazo. Non temos sobre a mesa cara onde queremos camiñar. E iso realmente é a problemática. E a problemática é que non estamos facendo o que como oposición deberamos ou deberan facer.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, don Manuel.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Nada máis, grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas por ser tan axustado ao tempo. Dona Victoria, ten vostede cinco minutos.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas. Boas tardes a todos e a todas. Feliz ano novo, aínda que a moitos de vostedes xa llo desexei a través da comunicación que por desgraza temos que manter diariamente, transmitíndolle os datos Covid, sempre que os recibimos. Benvido a Ramón, por suposto. E alégrome que, alegrámonos que a señora Consuelo Vispo saíra ben da súa situación clínica, ou non sei como denomíname. E despois, lamentar que non estean os compañeiros do BNG por diferentes razóns e sobre todo polo compañeiro Serafín, por cuestións pois clínicas ou médicas, tamén. Ben, centrándonos un pouco na moción e fóra de debates e de dialécticas que non veñen ao caso, que son máis propias doutro tipo de pleno máis político, isto é unha moción que traen, na que coinciden dous grupos políticos. Agora o primeiro en expoñela é o grupo de Compromiso por Barbadás e ben, nós ímonos cinguir a iso, sen entrar en delatixos de vostede a presentou primeiro ou vostedes estao facendo ben ou estao facendo mal. Iso xa son cuestións que non se dirimen aquí, pensamos nós. Pero ben, en fin, o Concello de Barbadás, xa na anterior lexislatura e nesta tamén, traballa con documento elaborado, un plan director, no que se fala de retos, eixos e plans de actuación, elaborado en colaboración con investigadores da Universidade de Vigo. E como vostedes saben, leváronse a cabo iniciativas, voume centrar máis no debate desta moción en cuestións máis meramente económicas porque son as que máis lle preocupan e as que plantexa a moción de Compromiso por Barbadás. Dicirlles que

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ+H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 43



Concello de Barbadás

dende o goberno, puxéronse en marcha os niños empresariais, cun grande éxito. Moitas das empresas que se implantaron no seu inicio, xa tiveron que ampliar, debido a ampliación e a súa proxección da súa actividade pois tiveron que desprazarse a outros lugares, a outros polígonos porque un niño empresarial é precisamente iso, como unha plataforma de lanzamento e así está facendo esta función dende o Centro Empresarial Transfronteirizo. Tamén se está procedendo ao impulso do sector terciario, coma vostedes ben saben, que son os sectores da hostalería e o sector servizos e comercial, son os sectores fundamentais neste concello. E tamén estase levando acabo o apoio a proxectos empresariais novos. O ano pasado, prestóuselle apoio, subvencionáronse diferentes iniciativas de emprendedores e emprendedoras. Incluso fíxose unha ampliación debido a solicitudes que existían neste sentido, co cal existe un apoio amplo ao empresariado do concello e ás novas iniciativas. Despois, tamén estase traballando noutra área que é o portal inmobiliario, como vostedes saben, no que ata agora, ata día de hoxe, hai un total de 41 propiedades publicadas, na web de inmuebles.barbadas, que ten unha importante proxección. Estas propiedades van dende pisos, locais no núcleo da Valenzá ata casas para reformar, terreos noutras localidades do concello, non só na Valenzá. As propiedades publicadas na web son introducidas tanto por particulares como por empresas que se dedican ao sector inmobiliario. Os usuarios interesados nalgunha propiedade poden contactar, como vostedes saben, directamente co propietario, coa axencia inmobiliaria dende medios que a web facilita. É dicir, é o Concello de Barbadás o que facilita toda esta infraestrutura e toda esta plataforma, para poñer en comunicación aos vendedores e aos compradores. Rexistráronse un total, ao longo do ano de 1.049 usuarios distintos. Recibiu máis de 5.000 visitas, cunha media de tres páxinas visitadas por sesión. Hai numerosas propiedades, fundamentalmente na Valenzá, Barbadás pobo. Hai locais comerciais, hai vivendas unifamiliares, hai venda de terreos. En suma, que se está facendo unha aposta importante para que o Concello de Barbadás sexa coñecido e para intentar, precisamente, o que di, o que explica na moción de Compromiso por Barbadás que é implantar a poboación no medio rural. Despois, respecto do polígono comercial, como vostedes saben, existe un polígono comercial en precario, na zona de Bentraces. En varias zonas que están no mesmo entorno, que non, que están en precario precisamente porque non recibiron no seu momento a legalización oportuna. E para levar a cabo unha mellora dese polígono, ou habilitar, ou legalizar o

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 43



Concello de Barbadás

polígono comercial, é necesario realizar, como ben dicía o compañeiro Ramón Padrón, unha reforma do PXOM, e así se nos fixo saber dende a Xunta de Galicia, en varias ocasións que fixemos consultas para intentar incluso habilitar terreo comercial e incluso empresarial noutras zonas cercanas, e díxosenos que non, que existía, que xa existía unha zona que había que potenciar e había uns condicionantes. Na época do Partido Popular tamén se intentou relanzar o polígono comercial nesta, tamén ampliando dende esta zona de Bentraces, non foi posible porque non houbo acordo cos propietarios particulares, coma vostedes ben saben e todo quedou paralizado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, dona Victoria, por favor. Prosiga na seguinte intervención.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Vale. Prosigo na segunda intervención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Don Ramón, está na súa quenda. Ten tres minutos.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Ben, pois para seguir coa moción, intentando buscar solucións, o que nós, para nós é fundamental é que nos poñamos de acordo cales son os puntos básicos nos que actuar xa. Entón, para nós, para iso, no terceiro punto puxemos o de convocar un pleno extraordinario ou, se o teñen a ben, unha xunta de voceiros na que expoñamos varias medidas ou nos poñamos de acordo. Para nós é fundamental agora mesmo o tema do polígono comercial, hai que dar uns pasos para que nun futuro sexa realidade. Levamos vinte anos perdidos. Vinte anos perdidos. E seguimos perdendo, seguimos perdendo anos porque non se dá ningún paso. Para nós é importantísimo que o alcalde ou alcaldesa deste concello teña dedicación exclusiva porque este concello necesita dedicación exclusiva do seu alcalde, porque necesita visitar outras administracións e conseguir diñeiro para este concello. Porque temos un orzamento que para os habitantes que temos é ínfimo. Polo tanto, necesítase unha dedicación exclusiva para conseguir financiación. Necesitase tamén, actualizar ese plan de urbanismo porque hai moitas, as aldeas do rural, hai moitas zonas que xa están asfaltadas cos servizos e non se pode edificar nelas. E a xente vén preguntando para comprar e non pode comprar porque non se pode edificar nelas, cando xa esas zonas teñen servizos. Non estamos falando de irse ao medio do monte. E non se deu ningún

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 43



Concello de Barbadás

paso para iso. Levamos, nós dende que entramos aquí na corporación, eu das primeiras veces díxeno xa, e levamos sete anos e non se deu ningún paso. E seguimos, e isto son os problemas que veñen. Entón, para nós, iso é fundamental. Aparte de seguir traballando no tema do alugueiro porque está claro que o noso atractivo é que A Valenzá sexa máis barata que o entorno de Ourense. Aínda que ben, hai a problemática que dixo a compañeira Fina Varelas que a xente, claro, o aluguer está moi trabado agora mesmo. E nada máis. Hai que, esas cousas, hai que movelas porque se non as movemos, xa digo, pasan os anos e séguense sen mover e entramos en decadencia. A Valenzá xa está saturada. Ou sexa, A Valenzá, o problema de A Valenzá é que se fixo unha construción masiva que agora A Valenzá que se fagan máis edificios, as infraestruturas e as rúas son as que hai. A xente vai escapar do follón. Entón, A Valenzá, xa deu o que tiña que dar de si. Polo tanto agora hai que apostar polo rural e hai que apostar por esas zonas onde xa hai os servizos para que poidamos medrar. E logo hai que poñer dunha vez por todas unha área onde esta xente, falou ben vostede dos niños empresariais, se queden aquí porque se lle financiamos o emprendemento e logo se van a outros polígonos, xa me entenderá.

Ten que rematar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que estamos facendo? Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitísimas grazas a vostede, don Ramón. Dona Fina.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Vexo que ou non me entendestes ou non me sei explicar ou queredes facer isto máis política que realidade. Ao meu entender. E eu non é que sexa máis lista que vós, para nada, pero mámoo día a día e levo vinte e cinco anos mamando a miña profesión. Isto só pasa por apostar polo rural porque A Valenzá, neste momento, non ten demanda. Vamos a ver, Moncho, con todo o meu respecto, se temos un polígono, van vir empresas, pero que veñan empresas tampouco quere dicir que se nos vaian empadroar. Traemos negocio para o concello. Estamos de acordo niso. Pero, nós estamos falando agora de xente empadroada. Para empadroar persoas témoslle que dar espazo. A Valenzá non é que non teña espazo, é que como vos digo, non hai demanda. A demanda está no rural. Se nós queremos reverter o problema que temos, temos que apostar menos pola... mira, temos pouco diñeiro, entón, ou para un sitio ou

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 43



Concello de Barbadás

para outro. Neste momento temos que apostar máis polo rural porque é o que nos demanda a poboación. A xente demanda rural. E deixade de políticas de esquerdas, dereitas porque a aposta de A Valenzá vén do PP. Nese momento considero que non fixo unha mala aposta. Por que? Porque A Valenzá creceu. Fixo unha cidade. Vale? Pero agora, este goberno, tócalle xirar as cartas porque a sociedade xirou. Tócalle adiantarse á xogada porque o que nos vai pasar é que vamos chegar tarde. Porque a xente xa está ubicándose en concellos de Toén, en San Cibrao. Estase ubicando onde hai oferta. E nós, pois temos que ter servizos. Ben, téñolle que dar a razón ao meu compañeiro Manuel, certo, vivo no límite entre Barbadás e San Cibrao e hai... é abismal, é abismal as estradas, é abismal a limpeza, é abismal o alumeadado, sinceramente é abismal. Pero por que é abismal? Porque eles teñen un orzamento que lles dá para facer moitísimo e nós non temos apenas nada. Eu, que eu saiba, o remanente, ben, o diñeiro do remanente, vaise dedicar moito ao rural, a arranxar estradas. Que eu saiba, o señor, vós do PP, creo que votastes en contra de destinar o diñeiro, creo, eh?, non quero... creo lembrarme que vós non estabades de acordo. E eu e o meu compañeiro Ramón apostamos polos arranxos de moitos viais que se van arranxar no rural. Non sei se me estou equivocando, señor Manuel, no voto, non sei. Non quero afirmalo porque creo que teño esa cousa. Pero ben, eu digo que o que hai que facer é mirar as cartas; apostar polo rural. O malo, que ao mellor xa estamos chegando algo tarde. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitísimas grazas. Supoño que don Manuel segue sendo o voceiro.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Grazas señor alcalde, por contestarlle a Fina. Si, dende logo, cando a nós se nos presenta, non unha proposta de investir no rural, senón que se nos presentan unhas inversións que non vemos prioritarias, sexan de onde sexan porque entendemos que esas inversións que pretendía o grupo de goberno e que trasladou ao pleno non ían poñer en valor ao nosos rural, eh?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): As estradas, si

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fina.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non eran, hai que mirar que estradas eran e que rúas eran en cada un dos pobos. Iso é o que hai que mirar, cando as vías principais,

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

os accesos principais dos pobos, e vostede sábeo, temos que pasar con todo-terreo. Esa é a problemática de por que o Partido Popular naquel momento optou por non aprobar aquela proposta. Por non aprobar?, perdón, por non votar a favor daquela proposta porque entendiamos que aquilo non contribuía a mellorar. Hai que traer cousas de peso. Hai que traer cousas de envergadura que realmente potencien elo. A min sorpréndeme, insisto, Moncho, con todo o meu cariño, se nós o Partido Popular tiveramos o poder de convicción fronte a este grupo de goberno para levar a cabo cuestións importantes como tanto, vostede, como o resto de grupos da oposición, trouxemos aquí, outro galo nos cantaría. Pero é que non lle vemos intención. Si que vemos unha boa proposta como a que traemos nós hoxe de que isto é unha problemática á que lle temos que poñer solución pero non vemos intencións. Porque as intencións non soamente teñen que estar sobre o papel, teñen que estar no día a día. Presentándose no concello, falando co alcalde, falando cos concelleiros, instar para facer estas cousas. Porque eu preguntome, onde están as melloras na Pista da Barxa? Onde están as melloras nas inversións de Finca Fierro ou de Santa Uxía? Onde está a mellora da posta en valor do Tangaraño? Preocupouse despois daquela moción de saber como está o trámite diso? Preocupouse? Eu non sei se pode durmir tranquilo ante a súa veciñanza e moito máis ante os seus votantes. De verdade. Perdóeme, perdóeme pero dígollo con todo o cariño. Se lle queremos a este concello e se queremos que isto funcione e poñer en valor o rural para que os habitantes doutros lugares opten polo noso municipio, témonos que poñer as pilas, ser realistas e sobre todo tomarnos moi en serio o que traemos aos plenos. Nada máis. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra dona Victoria Morenza.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE) : Moitas grazas. Ben, vostede fala de Barxa, fala de Santa Uxía, non sei se sabe que o plan marco do ano pasado destinouse a mellorar as comunicacións de entre Piñor e Santa Uxía. Non sei se o sabe, ao mellor non está o suficientemente informado. Evidentemente, moitas das pavimentacións que se van a efectuar con cargo ao remanente de tesourería, como dicía Fina Varelas, vanse facer no rural, e precisamente para potenciar e para mellorar as comunicacións no rural e nos lugares que máis o necesitaban nese momento, aínda que xa lle comentamos, cando aprobamos aquel proxecto e aquela listaxe de proxectos, que había máis, que

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: https://barbadas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 43



Concello de Barbadás

temos máis proxectos en carteira nos que seguiremos traballando e que seguiremos encaixando e que trataremos de conseguir financiación para eles. Respecto da reforma do polígono comercial e da reforma do PXOM dicirille que este goberno estivo traballando, leva anos traballando na reforma do PXOM pero informarilles que o equipo director do PXOM, non está agora mesmo en funcionamento. A empresa non funciona como tal. Non sei se foi por banca rota ou non sei por que, ou por disolución. O caso é que se está traballando dende o concello na rescisión do contrato da reforma, das persoas que estaban do gabinete profesionais que estaban reformando o PXOM, que o Partido Popular meteu naquel caixón. Respecto de afincarse no rural? Evidentemente nós facemos apostas para que a xente se afinke no rural. Hai unha evolución positiva nese sentido. Hai vivendas no rural. En 2021, xa se concederon licencias para dez vivendas novas e para cinco rehabilitacións. Unhas cifras que van subindo ano a ano dende o 2018, pasando de catro en 2018 a dez en 2021, en vivendas novas; e de tres a oito en 2019, baixou de novo a tres, e a cinco en 2021, respecto de rehabilitacións. Respecto do edificio Carrajo son 52 vivendas novas que vai haber agora, na zona onde antes estaba ubicado o edificio Carrajo. Tamén púxose en marcha nos últimos meses unha nova edificación na rúa da Paz. E lembrarlle tamén as licenzas de ocupación que se están dando xa na zona da Moura, que é rural, porque As Lamas é rural. Son un total de 35 vivendas e xa se concederon 5 licenzas de ocupación. E respecto da edificación na Valenzá, que tanto lles preocupa, dicirille tamén que non se produce ese estancamento. Estase producindo unha evolución en positivo. Hai unha zona, na zona do estanco, vaise construír un edificio novo e na R1, é dicir, entre a zona da Rúa da Paz e Paseo de Amieiros, tamén se vai a construír un novo edificio.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Entón, eu penso que estamos evolucionando, tanto na implantación de poboación no mundo rural como na mellora na Valenzá. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Don Ramón, ten un minuto.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Nós o que queríamos é que este goberno convocara, como mínimo, unha xunta de voceiros para debater este tema. Tamén,

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

volvemos a repetir, ao mellor antes quedei mal, nós o que queremos é apostar polo rural. Cando dicimos que hai que modificar o plan de urbanismo en moitas zonas que están no medio dos pobos que non se pode edificar. Iso é urxentísimo, porque por esas zonas están as estradas asfaltadas, pasa a rede de saneamento, pasa alumeado e non se pode edificar. E vostedes son coñecedores de moitas desas zonas. Aí hai que actuar urxentemente na modificación do plan para esas zonas que se poida facer vivendas. Aí é onde si queremos nós que se actúe. E iso é defensa do medio rural, non de A Valenzá. E por último, miren, eu represento a 425 veciños. Vostedes, señores do Partido Popular, representan, creo que sobre mil e pico, creo, ou dous mil. Aínda enriba gobernan na Deputación; gobernan na Xunta de Galicia. A min gustaríame que usara a mesma vehemencia vostede, ou a representante que teñen na Deputación, eu levo aquí sete anos, facendo un cálculo 7 por 300.000, son dous millóns e pico de euros que a Deputación nos ten roubado.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Don Ramón, ten que rematar.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): A este concello. Entón, dous millóns e pico de euros. Miren vostedes cantas cousas se facían con eses cartos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Don Ramón, moitas grazas. Ben, vamos a ver. Falaban os membros do Partido Popular ou o voceiro do Partido Popular, de concellos que están limítrofes a Barbadás, que están en situación mellor que nós. Si, probablemente, ao mellor hai algún que está en situación mellor que nós. Pero é certo que todo o orzamento que teñen téñeno que destinar a zona rural. Aquí, temos unha poboación ou unha aglomeración de poboación que é A Valenzá, que tamén precisa de ser atendida. Tamén A Valenzá ten carencias. E iso non quita que o rural teña moitas carencias. Seguramente moitas máis que A Valenzá, pero os veciños e veciñas que tamén viven na Valenzá, precisan ser atendidos e atendidas. Iso é así. Despois, Barbadás, e vostedes, isto é unha, si unha pescadilla que mórdeuse a cola, loitamos, pretendemos, queremos, que haxa uns impostos baixos. Pois os impostos baixos levan como consecuencia que teñamos un orzamento baixo, que non se axuste ao mellor aos criterios, ou aos parámetros que teñen outros concellos a efectos de ingresos. Co cal temos esa situación. Este goberno xa traballou para potenciar e está traballando para potenciar precisamente que en Barbadás se asente poboación. Unha das primeiras decisións que se tomaron, e

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 43



Concello de Barbadás

lembramos que foi no mes de xullo do dezaseis, creo que foi, dezaseis ou quince, que se reduciron os valores catastrais do IBI, que se deixou de percibir un importe cuantioso nese concepto. Temos servizos que son gratuítos, os servizos culturais son todos gratuítos. Hai outros servizos que son semi-gratuítos porque cobrar por exemplo, polo Espazo Infantil, 3 euros, xa me dirán vostedes se non é gratuító, practicamente. Cobrar polo Bos Días Cole a cantidade que se cobra, se non é practicamente gratuító. Pero despois sóbese unha pequena contía e xa aparece na prensa ou aparece nas redes sociais de certos grupos políticos, “una subida del 50%”. Si, pero ao mellor o 50% sobre equis, son 2 euros. Quero dicir con elo que se fan ou se prestan servizos de atención á cidadanía, de xeito practicamente gratis. Practicamente gratis. E iso é traballar para asentar poboación, neste concello. Se non o ven así, creo que van equivocados. O IBI, o tipo impositivo máis baixo que hai. O Imposto de circulación de vehículos, o tipo impositivo máis baixo que hai. O servizo de limpeza, o servizo de recollida de lixo, leva nove anos sen subirse. Pois iso é traballar tamén a prol de que haxa un asentamento de poboación aquí. Aquí houbo un partido político, un grupo político, que reclamou que se revisara unha ordenanza que afecta, precisamente, ao que é as obras menores. Estamos traballando niso. Estamos traballando niso. Non creo que tardemos moito tempo en que se presente a este pleno para debatila, para melloralala o precisamente para baixar esas taxas. Entón, creo que se dan pasos no que é o tocante ao económico para que aquí se asente poboación. Pero se queremos facer ollos cegos a iso, tal. E que dicir tamén? Que aquí, o Bloque Nacionalista Galego, cando gobernaba en coalición con este partido político que goberna agora, traballou para crear ou para potenciar o Centro Empresarial Transfronteirizo, que non estaba practicamente en funcionamento. Entón, creo que se fan, ou que se deron moitos pasos. Que hai que dar máis? Seguramente. Que hai que facer unha campaña máis proactiva, como dicía dona Fina, representante de Democracia Orensana. A campaña que se fixo, temos aínda folletos, algún deles, que era bastante elocuente, moi explicativa, moi visual tamén, pero probablemente non chegou á veciñanza. Probablemente non chegara á veciñanza. Hai que darlle unha volta para poñer en valor esa poboación que temos aquí no concello que non se empadroa. Habería que analizar cales son as causas pola que non se empadroa. E ao mellor tamén hai que ver, haille que dar unha volta ao que di dona Fina, no tocante ao que son as ordenanzas municipais e como axudar a que a xente se empadroe porque ten beneficios adicionais

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 43



Concello de Barbadás

aos que xa expuxen. Ese é un traballo que ao mellor hai que facer. Pero tamén hai que dicir que se deixamos de ingresar por un lado, temos que compensalo co incremento de poboación. Hai que ver se é viable. Hai que ver se é viable. Dicir outra cousa, falaban de Pereiro de Aguiar, é certo, Pereiro de Aguiar medrou. É certo, son de alí, orixinario de alí. Se pensan como medrou Pereiro de Aguiar, non medrou precisamente porque se crearan ou se construíran vivendas unifamiliares. Non. Están urbanizacións que se crearon alí. Non son vivendas unifamiliares que se rehabilitan, que se construíu unha en Sobrado, outra en Piñor, outra nas Lamas, outra en Parada. Non. Esa non é a solución tampouco para o noso concello. Pode ser unha parte, pero o exemplo que estamos falando agora de Pereiro de Aguiar, non medrou porque se construíran vivendas familiares aleatoriamente. Non, non. Aí asentáronse urbanizacións de vivendas unifamiliares con promotoras grandes. Non nos equivoquemos tampouco nesa mirada. Non nos equivoquemos.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Iso vén do 2006.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Claro, pero, foi así. Aquí non hai tampouco esa promoción de vivendas, de urbanizacións de vivendas unifamiliares porque tampouco se presta a orografía do concello a iso. Temos que apostar por rehabilitación e por construción nova pero non mediante urbanización porque non o hai. E dicir, que non o dixo Victoria, que si que estamos traballando no que é na campaña de empadramento. Queremos darlle forma para saber como achegarnos moito máis á veciñanza que sexa máis positiva, que axude a empadroarse, e ver que resultado dá. Queremos que sexa en positivo.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): A ver. Esquecín dicirlle a Ramón Padrón que o punto 3, nós optaríamos máis por unha emenda de substitución na que diga que a creación dun grupo de traballo. Porque un grupo de traballo ten unha continuidade no tempo, e unha comisión de voceiros, pois é algo puntual; e un pleno é algo moi puntual no que non están presentes técnicos e persoas involucradas no que é o funcionamento do concello. Podería ser un grupo de traballo que se desenvolvería pola mañá, aproveitando que pola mañá están os funcionarios que son as persoas que mellor coñecen, pois o engraxe do concello dun xeito global, non só os concelleiros ou grupo de goberno, ou os concelleiros da oposición. Entón non sei que opina Ramón Padrón

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 43



Concello de Barbadás

desta emenda de substitución.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Si, o primeiro é convocar unha primeira reunión cos voceiros e tamén técnicos. Non habería problema.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Acepta entón substituír esta por grupo de traballo.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Grupo de traballo onde estean os voceiros dos grupos e técnicos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu penso, é unha suxestión o que vou facer agora.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Unha primeira reunión.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É unha suxestión, penso que nós, que nos dedicamos dun xeito ou doutro, profesionalmente ou non profesionalmente á política, deberíamos escoitar aos técnicos. Que eles fixeran un análise da situación e que nos expuxeran a súa visión e nós escoitar. Non a partir de aí nós entrar en debate cos técnicos porque creo que

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Non, non, eu estou absolutamente de acordo. Esa reunión deben estar os voceiros, os voceiros expuxeramos as ideas e os técnicos, nos dixeran como sería factible iso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois si. Ou se ven outras posibilidades, pero ben. Así. E dicir tamén que me esquecía. A multitude, o que dicía antes, actividades de pintura, son gratuítas neste concello. Manualidades son gratis. Entón, todo iso axuda a fixar poboación. Se non o vemos, creo que estamos equivocados. Creo que estamos equivocados. Todo isto, non son só actividades culturais senón que son actividades que motivan e axudan

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Se temos a seguinte moción para falar diso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, xa está. Pouco vou a falar despois na seguinte, así, porque xa está todo dito referente a isto. Acepta esa substitución entón? Entón como queremos redactala, don Ramón? A ver. Instar ao grupo de goberno a convocar, ben, vostede é o da moción.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Quen tes que estar es ti. Despois vota

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ+H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 43



O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Se o resto dos grupos tamén o aproben.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Instar ao grupo de goberno, instar ao grupo de goberno, se o resto dos grupos así o aproban, pódese tachar, porque é unha votación, entón, pódese tachar, eliminar. Instar ao grupo de goberno a crear un grupo de traballo onde se debatan e se presenten propostas de cara a un desenvolto social e económico a medio e longo prazo.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Onde estean presentes os voceiros dos grupos, iso non o pon, e os técnicos. Haberá que poñer quen son.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Composto polos grupos dos voceiros dos grupos políticos e técnicos municipais. E técnicos municipais, basicamente. É dicir, que para convocar un grupo extraordinario, por parte da oposición convócase cun terzo dos membros do plenario. Así. Estamos de acordo, don Ramón, nese redactado? Si? Exactamente. Votos a favor desta moción? Unanimidade, polo tanto.

Sen máis sometese o asunto a votación resultando aprobado por Unanimidade dos asistentes a seguinte moción coa enmenda aprobada por parte do PSdeG-PSOE: “**MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA RECLAMAR MEDIDAS ANTE A PERDA DE HABITANTES NO NOSO CONCELLO**, cos seguintes acordos:

1.- Instar ao Grupo de Goberno a tomar medidas urxentes para que o noso Concello volva a valores positivos en canto a crecemento demográfico.

2.-Instar ás administracións superiores (Xunta, Deputación e Goberno do Estado) a incrementar as inversións no noso Concello para dotarnos de infraestruturas das que carecemos.

3.-Instar ao Grupo de Goberno a crear un grupo de traballo composto polos portavoces e técnicos municipais onde se debata e se presenten propostas de cara a un Plan de desenvolto social e económico a medio e longo prazo.”

4.-EXPEDIENTE 3/2022. MOCIÓN DO BNG RELATIVA A CAPTACIÓN DE FONDOS DO PROGRAMA IMPULSO Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos agora ao punto número, ben, o punto número





catro decae, evidentemente porque non hai quen defenda a moción. Xa falei hoxe á mañá cos voceiros do Bloque, co voceiro do Bloque, perdón, e díxenlle que evidentemente esta moción ao non defendela ninguén, pasa a seguinte se o consideran. Igual pódena substituír. Creo que a teñen que volver a presentar. Non é así? Si. Entón, de momento non se contempla esta moción.

DECAE A MOCIÓN POR FALTA DE ASISTENCIA DOS PROPOÑENTES.

5.-EXPEDIENTE 15/2022. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA FOMENTAR E PROMOVER O REXISTRO E PADRÓN DE HABITANTES

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos polo tanto ao punto número cinco que é o expediente 15/2022, moción do PP para fomentar e promover o rexistro e padrón de habitantes. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Xa lle transmitín ao señor Selas a benvida persoalmente, pero ben, xa o meu compañeiro en nome do grupo Popular xa lle deu a benvida. Grazas aos demais polo benestar persoal meu e ben, e feliz ano a todos e que este ano que temos por diante sexa o mellor posible para todos. Vou coa moción. Barbadás puxo fin a unha racha de máis de vinte anos de crecemento poboacional, segundo os datos do padrón de poboación. En dúas décadas a súa poboación duplicouse pasando de 5.239 a 11.158 veciños, ata sufrir un descenso de 1,22% chegando aos 11.022. Con esta baixada de poboación finalizou unha tendencia ascendente de máis de dúas décadas, iniciada en 1996 e gobernadas polo Partido Popular ata o 2015. Consideramos preocupantes estes datos polo que significan en si mesmos pero tamén pola realidade que mostran, que non é outra que a permanente compracencia do actual equipo de goberno socialista que nada fai por frear, nin moito menos por reverter, unha perda de poboación. Non en balde é o dato máis baixo das últimas dúas décadas e dase mentres a poboación aumenta noutros concellos da provincia, moi próximos ao noso. O Partido Popular de Barbadás non pode permanecer alleo a esta problemática. E recordarlle ao señor Valcárcel e o seu equipo socialista pois parecen terse esquecido dilo, que a maior número de empadroados maior achega económica recibe o noso concello, para así prestar máis servizos e mellores, tales como limpeza, deportes, culturais ou sociais. Por elo, presentamos ao pleno do concello os





Concello de Barbadás

seguintes acordos: o primeiro, instar ao grupo de goberno a que poña en marcha unha campaña efectiva de empadramento. Dous, informar á veciñanza sobre a importancia e as vantaxes que supón o seu empadramento no municipio. E tres, destinar unha partida orzamentaria, no ano 2022, para frear o descenso poboacional no municipio, que inclúa intervencións encamiñadas a conquistar un Barbadás máis atractivo para vivir. Aínda teño tempo. non señor alcalde?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, ten tres minutos, practicamente.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ben, vendo a moción, noso compañeiro señor Padrón anteriormente, moi similares son as dúas. Nós non pedimos un grupo de traballo porque entendemos que o grupo de goberno, hoxe, xa se lle deron bastantes iniciativas durante todos estes seis anos que levan gobernando. Nos primeiros catro anos apoiados polo BNG, e no segundo, pois apoiados por o señor Padrón e por outros pola oposición, menos o grupo Popular. Non sei por onde empezar porque teño para todos. Vamos a ver, estou de acordo coa señora Fina. Vamos a empezar polo bo, que realmente, neste concello, o rural é polo que temos que loitar. Ouvir as palabras do señor alcalde? Mire, señor alcalde, vostedes viven de todo o que deixou o Partido Popular. Todo o que dixo no seu discurso de última hora, como lle chamo eu, o discurso, todo o que son. Vou empezar polas concellerías. Todo o que é polideportivo, fíxoo o Partido Popular. As escolas deportivas deixounas o Partido Popular. Mellorou o campo de fútbol grazas a un convenio entre a Deputación. Para vostede, señor Padrón. Fixemos despois, en todo o que é o tema cultural, todo o que son as clases extra-escolares, as garderías matinais. Saben que se sacou a de mediodía, cousa que o Partido Popular mantíña. Deixamos todo, todo e vostedes viven do remanente que deixou o Partido Popular. Dígame no seu discurso de última hora que dixo que fixeron novo. Dígame dalgunha infraestrutura. Dígame de algo que fixeron novo. O que dicía a señora Victoria do tema do remanente de tesourería para os pobos? Claro que si que o aplaudimos. Como ben dixo o meu compañeiro Manuel, non o aprobamos no seu momento, porque son infraestruturas a veces ata individuais, que realmente non benefician á maioría da poboación do rural. Nós, o que queremos é que se beneficie con ese remanente de tesourería á maior poboación do Concello de Barbadás. Claro que A Valenzá ten todos os medios neste momento e todos os servizos pero, non se, vamos a dicilo en boa maneira, herdados do

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 43



Concello de Barbadás

Partido Popular. Non fixeron nada novo. Todo o que vostede dicía das clases de pintura gratuítas, os vinte euros, os tres euros das bolas, dos nenos pequenos. Todo iso, señor alcalde, foi herdado. Vostede non o quere subir porque realmente a oposición se lle vai botar enriba, é normal. Pero eses servizos, sego insistindo, insistindo que non hai ningunha infraestrutura, ningún servizo. Vostedes falan dos niños empresariais. Chapó por vostedes. Os niños empresariais, onde se vai esa xente despois? Quédase en Barbadás? Estámolle financiando durante un tempo ata que as súas empresas medran e vanse fóra de Barbadás. Aquí non teñen, non teñen onde quedarse. Entón, vostede falaba do PXOM. É que son tantas cousas, que vou dun lado para outro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Chelo, leva cinco minutos vinte e nove segundos. Debe rematar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Sigo na segunda exposición.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agradézollo. Moitas grazas. Don Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Está claro que van polo tema político, non van pola cuestión. Mire, estamos de acordo coa moción porque clarísimo, os acordos ao cen por cen. Agora, que me diga vostede que as mocións son similares. Home, non sei. Se leron a de vostedes, vostedes falan de empadroamento. Eu falo de máis cousas. Estamos falando das inversións de reclamar máis inversións da Deputación. Son máis de dous millóns en sete anos. E vostedes falan aquí dos cen mil euros do campo de fútbol e cincuenta mil euros cada ano. Home, por favor. Mire, o remanente que fala vostede que a tódolos veciños, o último remanente se chegan a gobernar vostedes, a quen ía repartido? O do 2015 ou 2016. Non se lembra xa? Xa se lle esqueceu? E vostedes falan aquí, o caos da Valenzá, é obra e gracia do Partido Popular. Si, si, si. Si. Ningún, ningún, ningunha planificación. Absolutamente ningunha planificación. Edificio tras edificio, tras edificio, tras edificio, rúas pequenas, rúas cunhas pendentes impresionantes. O campo de fútbol pegado case ao río, que agora xa non pode saír un vial por aí como é debido. De quen é obra esa planificación? É de nós. O señor Manuel, que me diga vostede a min que, ou sexa, vostede que quere? Ou sexa, vostedes critican aos de Bildu, do Bloque, de Esquerra Republicana no Congreso porque maniatan ao goberno e agora queren que eu, eh?, que colla ao señor Valcárcel e diga, vas facer todo

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 43



Concello de Barbadás

o que eu presento? Non pode ser, señores. Ese grupo ten sete concelleiros. Eu teño un. Eu sei o que é a democracia. Eu podo conseguir certas cousas. Pero está claro que non vou a apretarlle o pescozo a un goberno porque me necesiten a min e expoñer o meu programa ao cen por cen. Pero que quere? Que faga agora, vostede, que faga agora tamén iso? Ou cando me dicía para que veño eu aquí traer mocións, que vaia ao despacho do alcalde e que llas pida. A ver, explíquese. No Congreso dinlle aos outros partidos pequenos que non, ou estanlle dicindo á cidadanía todos os días que os outros partidos teñen ao goberno por onde o teñen. E agora queren que eu faga iso. Non. Amigo, eu non sei.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Oíches, déixame un minuto.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar. Se vai falar dona Fina, ten que rematar.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Ai meu deus, desculpade que me estea rindo pero é que faime graza. Señor Moncho, vostede aínda non se deu conta que é a política? Pois entón, vamos a ver, señor Valcárcel, vostede equivócase nunha cousa, e antes non o interrompín porque non era a miña quenda de palabra. As urbanizacións do Pereiro, señor Valcárcel, fixéronse no ano 2006/2007. A poboación fixouse naquela época, non se fixou na actual época. Dígollo porque o sei. Entón, o rural creceu porque, en concreto o Pereiro, creceu moito polas vivendas unifamiliares, neste intre, neste momento. Non creceu por urbanizacións que veñen anteriores á crise do 2008. Aclárollo para que non se equivoque, non o vaia dicindo por aí porque están

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois dígolle algo

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Si, que ao mellor fanse tres-catro chalets pegadiños. Pero iso non é urbanización, señor alcalde. Iso son pareados ou cousas así pero, cando lle falamos a unha persoa de urbanizacións, estamos falando dunha cantidade de entre vinte, trinta, chalets pegados, non de tres chaleciños pegados un ao outro. Iso non se poden chamar urbanizacións. Iso case son unifamiliares, pareados. Ben, entón por ese lado. E dicirlle á señora Chelo, si, o Partido Popular fixo, pois no seu momento, tamén fixo as súas cousas boas. Non todo, o Partido Popular fixo todo malo.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 43



Concello de Barbadás

Eu creo que non hai ningún partido que faga todo malo. Porque eu penso que un partido cando entra a gobernar, quere da mellor forma facelo. Eu penso que cremos todos o mesmo, facelo ben. Que pasa? Que somos moitos e hai pouco diñeiro. Entón, non das tirado. Isto é como unha economía familiar. Cando temos equis e temos máis gastos que ingresos, ou pagas isto ou deixas de pagar o outro. E agora, tócanos investir no rural porque A Valenzá, que temos que seguir dando servizo porque non podemos recortarlle aos veciños de A Valenzá, que teñen os seus dereitos. Pero temos que correr ao rural e o rural non dá. É que isto si que hai que xuntarse realmente con técnicos. Isto si que hai que miralo, de verdade, porque se non vamos a empezar a perder poboación pero, a pasos axigantados. Eh? Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitísimas grazas dona Fina. Ten a palabra dona Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitísimas grazas. Ben, vamos a empezar por unha, por algo que dixo o Partido Popular. Ía dicir unha xoia. Algo que dixo a señora Consuelo Vispo do polideportivo. “Le dejamos el polideportivo”. Un polideportivo que anos despois de estar gobernando enterámonos que estaba ilegal porque non tiña autorización da Confederación Hidrográfica. Pesen e vexan, señores. Pasen e vexan. E despois veñen reclamando, vostedes non teñen o permiso... nós, a nós o primeiro que se nos dixo ao entrar neste concello no servizo de urbanismo foi que para calquera autorización, de calquera obra, necesitábanse os permisos sectoriais: de Confederación Hidrográfica, Estradas, Deputación, Xunta, etc, etc, financiado pola Deputación. Si, ben. Entón, había dúas institucións implicadas e non se tiña o permiso da, a autorización da Confederación Hidrográfica sen o cal non se pode comezar ningunha obra, nin executar. Este goberno, durante estes seis anos, ten deixado de executar obras, incluso de licitalas, de poñelas en ristre, precisamente porque non tiñamos os permisos sectoriais. Ai unha obra que está parada, que é a da pavimentación da Rúa das Burgas, porque estaba vinculada a outra intervención na zona dos túneles do Lidl, si, nos túneles do Lidl, precisamente porque ao estar conectadas as dúas obras, necesitábamos o permiso da Confederación Hidrográfica e non a puidemos acometer porque non tiñamos o permiso. E vostedes plántannos un polideportivo sen o permiso da Confederación Hidrográfica e veno poñendo como exemplo. Ben, que nos diga que

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 43



Concello de Barbadás

nós non temos obras “que son amores”. Que nos digan iso. A ver, cando se reformou o Campo dos Carrís, fíxose unha Praza do Pumar, practicamente nova; reforma da Praza de San Xoan, que é un exemplo; reforma do Campo de Roma; reforma do Parque da Solaina; Casa da Mocidade; Pista de Skate, etc, etc, etc. Aulas de novas tecnoloxías; campañas de comercio. Vostedes non tiñan nin concellería de comercio nin se lle esperaba. Biblioteca infantil activa, con obradoiros. Campamentos de verán nos pobos. Lembren que os pobos, tanto que falan de afinamento no medio rural, hai persoas nos pobos que tamén temos descendencia e tamén temos dereito aos campamentos que vostedes só desenrolaban na Valenzá. Diverlandia, tamén foi obra deste goberno, que lles poderá gustar máis ou menos, a quen lle ten que gustar é aos nenos. Hai que ofrecer, como vostedes dicía, servizos. Día da Bici; Día do Medio Ambiente, si, Casa da Mocidade, xa o dixeran. Respecto das campañas de promoción do comercio, dicirlle que se fan varias campañas ao ano, fanse eventos, púxose en marcha a iniciativa das panorámicas co comercio electrónico; conferencias, obradoiros, eventos, formación en base a nós, das necesidades de formacións que nos transmiten os propios comerciantes e os propios hostaleiros e hostaleiras. Etc, etc, etc. E se vamos aos datos de poboación que é o que nos trae hoxe aquí porque é no que se centra a súa moción, dicirlle que no ano 2020 por desgraza, foi un ano duro, triste, onde faleceron 117 persoas, das cales, 44, 22 na Residencia Domusvi e 22 na Nosa Sra. Dos Miragres, pois foron persoas que residen nesas residencias, nesas xeriátricos. Entón, é un dato que hai que ter en conta, cando analizamos os datos, non só podemos ver o dato global, temos que facer un desglose para entender moitas cousas. Os nacementos, si, foron 68. O crecemento vexetativo, evidentemente é negativo. No ano 2021 xa se produciron menos falecementos. No que levamos do 2022, que levamos once días, xa se produciron 4 nacementos. Todo varía moito dun ano a outro, varía tamén en función do desprazamento da poboación; varía no feito de que se produciu unha parálise de toda unha sociedade. Unha sociedade parou; o mundo parou. Entón, evidentemente parou a actividade económica, parou a actividade inmobiliaria e parou todo. Entón, cando estamos falando de datos puntuais, se dicimos, o ano que vén como vaticina a señora Fina Varelas, vai a ocorrer o mesmo, vaise perder poboación. Vale, podemos preocuparnos. Xa estamos preocupados hoxe. Evidentemente imos facer unha campaña, incidir nunha terceira campaña porque xa se fixeron dúas, nunha terceira campaña de censamento, de empadramento, para levar a cabo, pois

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

precisamente unha labor de difusión de atractivo do que ten o Concello de Barbadás. Dicur tamén que vostedes falan de que Barbadás carece de servizos, que as comunicacións que son nefastas. Pois mire, dicirlle que precisamente, grazas a que hai boas comunicacións e que hai moitos servizos, o prezo do metro cadrado nas zonas máis urbanas, como poden ser, imaxínese, As Lamas, vou poñer como exemplo, disparáronse e non son competitivos como lugares como San Cibrao onde o prezo é menor porque evidentemente non teñen tantos servizos, nin están tan comunicados como está unha zona que se pode considerar semi-urbana, como poden ser As Lamas, onde te pos en Ourense en sete minutos. Entón, somos competitivos, porque se non o prezo do solo, do solo, para construír, non sería tan elevado. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Dona Chelo, está na quenda de palabra.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Mira, nas Lamas, que o acaba de dicir vostede, sabe por que encareceron os prezos? Porque está preto do que é a urbe, da Valenzá, e eses servizos non se dan todos os servizos que ten o que é A Valenzá, están nos pobos. É por ese motivo, polo encarecemento. De todas maneiras, o que dicía a señora Fina Varelas antes, e o meu compañeiro Manuel, soamente ten que pasar a Loiro, a Loiro de Abaixo, para ver realmente a diferenza entre uns e outros. Mire, eu non estou de acordo co que están dicindo. Creo que Barbadás está perdendo, neste momento, está perdendo, vou a dicir, o atractivo que tiña fai uns anos para vir a vivir aquí. Todos, non tocamos un tema hoxe aquí. A seguridade na Valenzá. O que está pasando cos nosos fillos. O que se está empezando, ben, xa leva moito tempo vendéndose. Vámolo deixar aí. Vendéndose. E hai pisos e todos sabemos porque hai xuntas que fan como a Garda Civil, coa Policía Local, coa Policía Nacional, e nesas xuntas fálase deste tema. Barbadás, neste momento, está tendo unha inseguridade cidadá. Vale? Está tendo. E temos todos fillos, temos ... e hai que tamén valorar ese tema. Que está pasando nos concellos limítrofes? Toén, Pereiro, San Cibrao..., non teñen de momento, non son como nós, non son unha pequena cidade. Entón, o atractivo, neste momento é o rural. E o que temos é que pensar en todo isto, en que A Valenzá ten os seus servizos, non deixalos, nin decaer no que estamos dando, pero, si realmente, promover ese rural. Nós o que queremos é que realmente o que dicía o señor alcalde, as urbanizacións de

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 43



Concello de Barbadás

Pereiro, a orografía de Barbadás, pódense facer perfectamente igual que se fixo A Moura, pois pódese facer noutro lado. O que hai é que axudar e promover esas promocións. Realmente os construtores? Nós non estamos dicindo que non haxa para onde ir como di o señor Padrón na Valenzá. Si que hai para onde ir o que pasa é que neste momento pois sabemos o que está pasando. Estamos nunha crise. Houbo momento do boom da construción e que agora mesmo non é ese boom. Que A Valenzá foi moi atractiva para vir a vivir e que realmente é unha herdanza do Partido Popular. Todos eses servizos gratuítos que se deron, todo o que realmente a xente... eu viñenme a vivir fai vinte e oito anos, vinte e sete anos para aquí, por que? Tiña nenos pequenos e realmente polos servizos que se estaban empezando a dar e durante esa época na que eu levo vivindo en Barbadás, pois axudounos a que realmente Barbadás fora atractivo para vivir. Hoxe? Eu creo que entre o que son os solos, que son bastante caros porque a xente quere seguir, como o que son os pobos non teñen eses servizos, e as infraestruturas non son boas, nin as estradas, a xente o que quere é As Lamas. As Lamas e As Lamas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que rematar, dona Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Si, xa termino agora mesmo, señor alcalde. Entón eu creo que o que temos é que ir cara o rural en Barbadás e empezar a ver o que está acontecendo na Valenzá, e poñelo atractivo. Intentar que os alugueres se movan, porque realmente, si xa o sei Fina, xa sei que é un pouco difícil pero que son moi caros, realmente, están sendo caros porque non hai.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Chelo, ten que rematar, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nada máis. No minuto que me queda, grazas, señor alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Victoria, por favor. Ah!, non, don Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Ben, aplaudo a segunda intervención da señora do Partido Popular porque me parece máis positiva. Non concordamos. Creo que A Valenzá medrou porque os prezos eran baratos, por iso medrou. A xente veuse cara esta zona como no seu día foron ao Vinteún, ou foron A Carballeira ou ... nos tempos que nos tocou agora viñeron A Valenzá porque eran baratos. O problema agora de A

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 43



Concello de Barbadás

Valenzá, agora mesmo, coa construción que hai, se chegar a vivir e estar ocupados todos os pisos que hai na Valenzá, o caos circulatorio, non se pode aparcar pola edificación que houbo é tremendo. E moita xente escapa diso. Polo tanto, seguir aumentando a construción na Valenzá coas infraestruturas que ten, non nos parece correcto. Por iso, presentamos a moción antes. E volvemos incidir no tema de modificar, a ver se nesa xunta na que veñan os técnicos, se modifiquen esas zonas do rural onde se permita edificar porque xa dispoñen dos servizos, ou sexa, xa dispoñen, xa teñen unha estrada asfaltada, xa teñen rede de saneamento, xa pasa o alumeado por eles. Aí, creo que é cara onde temos que tirar. A Valenzá, continuar dándolle os servizos. Coincido en que tamén se debe reforzar a seguridade. Creo que fai un tempo, vin na prensa que, non sei se un sindicato policial, quería incluíla dentro do que é a zona de Ourense, a Policía Nacional. Non sei, non se produciu ese debate aquí e non sei se iso nos beneficiaría ou mellor como estamos, co servizo da Garda Civil. Non sei. É un debate no que non, aínda non teño opinión. Pero, ao mellor habería que mirar por aí. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Dona Fina?

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Nada. Teño pouco que aportar novo xa do que dixen. O tema é apostar polo rural. Loitar todos porque o noso concello sega medrando. No seu momento tocoulle á urbe, agora tócalle aos pobos. Simplemente iso. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, dona Fina. Dona Victoria.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas. Ben, dicirlles que a Casa da Mocidade, non é unha herdanza, coma ben lles dixen antes. E as actividades que alí se desenrolan son gratuítas. Son actividades pensadas para os mozos e para as mozas. Eses mozos que a moita xente tanto lles molesta e aos que se lles culpa da inseguridade cidadá, e evidentemente este goberno ofrece alternativas a todos eses mozos. E non podemos criminalizar sempre aos mozos da inseguridade cidadá, como fan moitos de vostedes. Dicirlle que se Barbadás non fora un lugar atractivo para vivir, non se seguirían producindo transaccións inmobiliarias. Ata o terceiro trimestre do 2021, doulles un dato, producíronse 65 transaccións inmobiliarias. Un 35% máis que no mesmo período de 2020, porque xa empezamos a saír dese túnel chamado Covid.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: https://barbadás.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 43



Concello de Barbadás

Despois tamén, vostedes sábeno, vostedes tamén manexaban este tipo de datos cando gobernaban, que o índice de paro é moi baixo en Barbadás, grazas a Deus. E ese índice de paro, ese baixo índice de paro impídenos en moitas ocasións, pois contar con algún tipo de iniciativa subvencionada para promover, precisamente, o obradoiros e ese tipo de iniciativas de empregabilidade xuvenil. Despois, na Valenzá, tamén non podemos esquecer que viven 7.143 persoas. Entón, claro, vostedes falan, A Valenzá non pode ser o centro, non pode ser o centro, non pode ser o centro. Pero é que viven 7.143 persoas. Haille que prestar servizos e hai que tamén estar pendentes deles e darlle todo tipo de actividades, oferta de ocio, que xa se dá. Estase facendo unha gran labor de comunicación, difusión e promoción dende diferentes áreas do concello, para ter implantación, precisamente, nas redes sociais, nos medios de comunicación, en campañas en papel, en campañas dixitais, en campañas telemáticas, para, precisamente para achegarnos á cidadanía. Fíxose un esforzo importante durante a pandemia para achegar a formación e achegar o concello á cidadanía. Implantouse a administración electrónica durante o goberno destes seis anos de goberno progresista. E despois, ter en conta tamén que moitas veces manexamos datos, como son os datos oficiais dos 11.022 de 2020, e hai que ter en conta que, incluso o INE, manexa datos de poboación flotante ou poboación estacional que se sitúa en cerca de 13.000 habitantes, que é o umbral ao que pretendíamos chegar cando fixemos a segunda campaña de censamento. É dicirlles tamén que hai bonificacións para persoas, como moitos de vostedes saben, para persoas empadroadas e seguirase nesa mesma liña para propiciar que se censen aquí no Concello de Barbadás, non só un dos membros da familia senón que se cense toda a familia para poder obter, pois todo tipo de beneficios e sobre todo para obter o beneficio global dunha sociedade que é obter máis ingresos por parte da Xunta de Galicia e máis ingresos por parte do Estado. E tamén poder acceder a outro tipo de subvencións da Unión Europea. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: moitas grazas Moitas grazas a vostede. Dona Chelo, ten un minuto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nada, soamente lembrar dúas cousas. Señora Victoria Morenza, que eu non dixen criminalizar aos mozos. O que dixen é que os mozos teñen inseguridade cidadá polo que hai en venda ao seu arredor. Non soamente,

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 43



Concello de Barbadás

non toquei os mozos. Os mozos ao contrario. É o que aumenta este concello. E despois, se realmente baixan os habitantes, sobe o paro, e o paro, neste concello, neste momento non é tan baixo como vostede pensa. Despois, o que si quero deixar claro é o PXOM. Mire, señor Valcárcel, e vou contra vostede.

O Sr. Alcalde toma a palabra: moitas grazas Ah!. Non lle puxen o tempo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É igual, estou a terminar, xa. O PXOM está gardado nun caixón polos seis anos que vostedes levan gobernando dun lado e do outro e, se realmente, vostedes preocupáronse de sacar dese caixón, como ben di? Deixárono nalgún momento nos orzamentos? Porque ben, os do 2022, aínda non se lles viu por ningún lado. Ao mellor levámonos unha sorpresa e están aí. Vale? Ese orzamento. Pero mire, non me diga que tiñan intención, cando realmente non lle boten a culpa á empresa. Nada máis. E soamente dicirlle

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas Ten que rematar, dona Chelo, leva máis dun minuto.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Soamente dicir

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fale, fale.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non. Vale, soamente iso. Que a nosa intención hoxe aquí é ver que vostedes non teñen o que hai que ter para poder seguir gobernando este concello. E é iniciativa. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Grazas dona Chelo. Vou intentar ser breve porque xa o dixemos todo antes. Mire, hai unha cousa que non se mencionou antes e que creo que é fundamental para que a poboación se implante no noso concello. É o transporte urbano. O transporte urbano, tamén, e apostou a Xunta de Galicia por esta mellora, existe, pero tamén está ausente do que é o transporte metropolitano. Non hai solución. Este concello, non lle gusta polo que vexo, esta frase, pero ben, o Concello de Barbadás, se tivera un transporte metropolitano, non só para Barbadás senón con toda a comarca de Ourense, melloraría. Dito iso, mellorouse substancialmente, neste goberno. Elaboráronse as ordenanzas que procedía e colaborouse coa Xunta de Galicia para traballar nese ámbito do transporte público. E vostedes inciden e inciden, e inciden, e seguen incidindo no que é a seguridade cidadá. Vamos a ver. O Concello de Barbadás, e vostedes acudiron a

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

algunha xunta local de seguridade, non sei, non lembro se foron como oíntes ou algo, non lembro agora mesmo. Non se permitiu? Pode ser. Si, que viñeron, si, si, unha vez acudiron. Si, unha vez. Unha vez. E alí, díxose moi claramente que Barbadás tiña uns índices de seguridade cidadá, ou de criminalidade, ou de estatística, que era inferior ao de Galicia, ao de España, ao da provincia de Ourense e ao das cidades e vilas de semellantes características. Entón, vostedes queren, outra vez incidir niso. Incidir niso. Aquí, hai, evidentemente como en todos os sitios que teñen unha poboación determinada, unha poboación nova, ou non tan nova, hai actos vandálicos e roubos. Hai un aumento importante do que é a delincuencia cibernética. Iso si que o hai. Iso si que o hai. Pero, despois, hai en certo modo, certos grupiños, hai un incivismo. Este alcalde, onte, dedicouse a recoller en fronte dunha farmacia, pois todos os cartóns que había apilados a un colector. E cabían, collían todos, estaban acumulados. Falo de exemplos de civismo ou de incivismo. Hai que educar á cidadanía e á xuventude en ética e en valores. En ética e en valores. Entón, veríamos un concello mellor en todos os ámbitos. Pero, vostedes, empérranse na seguridade cidadá. Hai problemas. Evidentemente. Pero este alcalde, foi o que conseguiu o sétimo policía local. Ah! pero que a lei, elaborada polo Partido Popular non o permite. Ou non lembran vostedes quen implantou a lei que afecta as taxas de reposición é o 1, 0,75%, 0,8% ?quen o implantou? Eu non, dende logo. Dixen este goberno e este alcalde. Pode ser, si, si. Pero, porque este alcalde loitou e a policía local pode dar fe de que loitei todos os días para conseguir ese obxectivo, dona Chelo. E dicirlles tamén que subscribo persoalmente o que di don Ramón, o Partido Popular o que debía facer, era reivindicar e aplicar, na nosa provincia, pois un plan único de investimentos, que ao mellor o Concello de Barbadás, ao mellor tiña dous millóns de euros máis neste período de tempo, ou dous e medio incluso, en lugar de ir a pedir diñeiro para un campo de fútbol, diñeiro para a Avenida de Celanova e así sucesivamente. Mire, eu teño aquí varios Whatsapps, pedíndolle ao señor presidente da Deputación que fale comigo. E chameino, e estou esperando. Dende o día, dende o día, pódollo dicir. Aínda estou esperando. Si, si, el quere que o chame. E digo, e dito sexa de paso a min aténdeme ben, cando acudo alí. Mire, dende o día, 16 de decembro. Estou esperando. Estou esperando. Estou esperando. Rógolle a dona Chelo, dado que é compañeira de partido do señor Baltar, que lle incida que só preciso falar con el, un minuto. Un minuto. Un minuto, so preciso un minuto, falar con el. Nada máis. Entón, se

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

iso é traballar en prol dos veciños do noso concello, que baixe deus e o vexa. Así. Votemos. Votos a favor da moción do Partido Popular? Unanimidade.

Sen máis sometese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade dos asistentes a seguinte moción: “ **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA FOMENTAR E PROMOVER O REXISTRO E O PADRÓN DE HABITANTES EN BARBADÁS**, cos seguintes acordos:

- 1.- Instar ao Grupo de Goberno a que poña en marcha unha campaña efectiva de empadramento.
- 2.- Informar á veciñanza sobre a importancia e vantaxes que supón o seu empadramento no municipio.
- 3.- Destinar unha partida orzamentaria no ano 2022 para frear o descenso poboacional no municipio, que inclúa intervencións encamiñadas a conquistar un Barbadás máis atractivo para vivir.”

6.- DACIÓN DE CONTAS E RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno. A Corporación queda enterada das mesmas.

7.-ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dación de contas da alcaldía, teñen vostedes a documentación, foilles facilitada. Ben, queriamos comentar un asunto, concretamente, que é o do Tangaraño, entón e a igrexa de Loiro, tamén.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Si, ben, iámoslles informar agora ao final. Sobre o tema do Tangaraño, a Xunta de Galicia, e que non trouxen o documento pero se queren fágollo chegar, a resposta da Xunta de Galicia. Dinos que non son, que non consideran de importancia, da suficiente importancia o Tangaraño e o seu entorno. Entón, ben, recoméndannos que o declare o propio concello monumento natural, que sexa declarado polo propio concello. Pero claro, non ten a mesma enxundia que o declare o propio concello que o declarara a Xunta de Galicia. Entón, imos traballar nese

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

sentido para declaralo nós, e para facer os trámites oportunos, pero a Xunta é o que nos contestou. E respecto da declaración de ben de interese cultural para a igrexa de Loiro, contestounos que non, que non o consideran tampouco un elemento a destacar, nin un elemento singular, entón foi denegada esta solicitude. Pero se queren pasámoslle as dúas respostas para que teñan a literalidade da resposta. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas dona Victoria. Don Ramón, ten algunha pregunta ou algún rogo?, pero empezamos polas preguntas.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): Perdón, eu se me ides desculpar, estades en rogos e preguntas

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bo ano, Fina.

A Sra. Varelas toma a palabra (DO): A vostede, a todos. Chao

Neste momento sendo as 20:26h, se ausenta do Pleno a Sra. Varela.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Nada, dúas, tres cousiñas. Dinnos que hai volve haber lixo, restos de, ben non sei se da xente que levan alí a desfacer lavadoras e diso para sacarlle a chapa alá no alto de Piñor, indo para Mugares. Que onde sexa se retirara dunha vez, volve haber seica botárono agora máis para abaixo, alí nun camiño que baixa para abaixo. Vale. Non estiven alí por iso non podo afirmalo o que hai alí. E logo dinme que hai unha beirarrúa na que se teñen dado bastantes resbalóns aí na Valenzá. Non sei se son coñecedores, en Tomás Rodríguez Punxín. É o tramo que vai dende a rúa, dende o cruce coa Rúa Garriga ata o cruce coa travesía Tomás Rodríguez Punxín, que debe ser a que vai a Vilaescusa. Ese tramo de beirarrúa. Ao parecer que está moi resbaladizo. E logo tamén, pídennos tamén, que queren clases de ximnasia, as persoas que as tiñan antes. Non sei como está o tema ese.

O Sr. Cortés toma a palabra (PSdeG-PSOE): Podo responder a iso. Eses cartos, no anterior ano, foron destinados a todos os gastos derivados da Covid e agora é algo que hai que licitar. É un proceso

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): E canto tempo tardará iso?

O Sr. Cortés toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pois comezar cos trámites e o que custe a burocracia.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 43



Concello de Barbadás

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai que pensar tamén Ramón que estamos falando de aforos pechados, de recintos pechados e similares.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Para dar unha resposta cando me pregunten.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vaise facer pero estamos falando de recintos pechados, de aforos limitados e similares e hai que ter un pouquiño de tiento. Pero ben, estase traballando niso como di

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Que eu saia o inverno, os locais teñen ventás

O Sr. Alcalde toma a palabra: Esperemos. Esperemos.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): E logo, isto tamén nolo pasaron para que o dixeramos no pleno, eu non o vin tampouco. Non sei se ao mellor a información é correcta, que os Reis Magos, pola Valenzá, que o correcto houbera sido que circularan por exemplo nesa especie de tren ou algo que circulou algún día, en vez de ir cada un nun coche, porque incluso algún, seica foi no coche da policía local. Entón, que parecía así unha imaxe un pouco, parecía unha imaxe un pouco rara. Ben, pois parece unha imaxe un pouco rara. Ben, eu foi o que me trasladaron.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É unha idea.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Varias persoas que non queda así moi ben. E xa que este ano tróuxose, non sei cantos días foron ou se só foi un día, circulou unha especie de tren con dous vagóns, non?, un trenziño pola Valenzá, pois ao mellor estaría ben que ao mellor reservalo para ese día dos Reis e levalos montados no tren, en vez dun en cada coche, e máis no coche da policía. Entón, non sei, míreno porque non quedan ben vostedes, vamos. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Os voceiros do Partido Popular, que queiran intervenir.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Vamos a ver, un rogo que temos de varios veciños, ben, practicamente a veciñanza completa que é a que transita pola pista da Barxa. A ver, o que habitualmente leva sete minutos chegar de Piñor a Ourense, agora mesmo, a xente está optando por non ir por alí, pola situación de como está, como está o firme, baches, intransitable completamente. Entón, a ver, é unha pista que mes tras mes

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 43



Concello de Barbadás

estamos sacando aquí a debate e vemos que nada de nada. Cada vez vai a peor de xeito que a xente teña que optar para ir por outro lado. A ver se nos empezamos a tomar en serio e en consideración as propostas dos grupos. Nada máis.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Eu tamén tiña dous rogos. Un xa o mencionara creo que nun pleno anterior, Rúa da Chiminea coas Quintas. Alí hoxe está arranxando Viaqua unha tapa que rompeu e esa zona, é dicir, estamos hoxe falando do orzamento que vai para asfalto. Iso está pegado á Valenzá, hai moitas persoas camiñando todos, todos os días por aí pero agora moitos terán que cambiarse ao longo do tempo. Baches por un lado e por outro. Calquera día vai pasar unha desgraza. Poden ser os árbores, poden ser, necesitamos solución urxente. Hoxe está marcado porque Viaquia estivo traballando e xa arranxou a tapa que rompeu, pero calquera día pasa unha desgraza. E volvo reiterar que está ao peirao de A Valenzá, un millón e pico de euros e vinte metros, non son máis, non se arranxan. Entón, volvo a incidir que por favor, se queren eu lévoos no coche e pasamos dúas veces, tres veces pero non é convinte ir moito porque

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Perdón, desculpe, é que non sei a que tramo se refire? Sabe que aí hai un proxecto que vén dende o campo de fútbol e vai ata a Rúa das Quintas.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Alí, no proxecto non pon.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Si, porque se chama, no rueiro chámase Camiño do Cerredo.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): O Camiño do Cerredo é o de arriba.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pero é que tamén iso é o Camiño do Cerredo. No rueiro é o que vén. Nós temos que traballar co rueiro e co catastro. Pois estará mal nomeado, o Cerredo. Pero a ver, o rueiro aprobouse en época do Partido Popular, tiveron a oportunidade de cambiar os nomes que considerasen oportunos en base ao que dixeran as asociacións.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): O outro día, non sabía diso.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Camiño do Cerredo, chámase. Vaise arranxar. Creo que é o tramo ao que vostede se refire. As Chimineas é outro

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 43

tramo, é onde estaba Pinturas Ditec.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Xa preguntarei.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pois pregunte. Pero pregunte. O rueiro máis ou menos coñecemoslo.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): E outra cousa, que son catro plenos xa que estivemos, que xa o mencionamos. As redes da Solaina. Volveron aparecer as redes de abaixo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Fala ti Abel, fala ti.

O Sr. Cortés toma a palabra (PSdeG-PSOE): As redes pedíronse. Se non chegaron non se podía facer nada. Sabe perfectamente que hai problemas de subministro e se non chegaban non chegaban. Agora chegaron e hoxe á mañá estivemos falando como arranxalo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: José Luis, estiven eu falando cos nenos

O Sr. Cortés toma a palabra (PSdeG-PSOE): Se se piden e non chegan non hai que facerlle.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Estiven falando cos nenos e cos pais hai oito días. As redes xa estaban aquí, pero tardaron catro meses en chegar. É o que hai. Igual que suben os prezos de certos produtos, igual que non se poden fabricar coches porque non hai chips porque veñen de certos sitios. Pois ocórrenos o mesmo. Entón...

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Pois hai que buscar solucións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si xa, os dos chips que compran para fabricar coches tamén buscan solucións? Si, fan ERTES ou ERES, sabe? Se non se enterou.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): As redes é unha cousa que hai. Un provedor ou outro provedor, a ver, iso sabemos

O Sr. Alcalde toma a palabra: E os chips tamén os hai en moitos sitios. Tamén. Tamén. Están as redes, están as redes. Están as redes. Esta semana colocaranse.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): A ver, xa se dixu no anterior pleno que ían estar na semana seguinte.





Concello de Barbadás

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, pero supostamente ían estar. José Luis, vostede escoita a prensa, le os medios de comunicación, ao revés, le a prensa, escoita os medios de comunicación e os ve. Problemas de amoreamento de containers, problemas de subministros e similares. Iso está ocorrendo a todos os niveis.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Pero xa o sei, pero vamos a ver, quen o pide? Por Amazon, AlliExpress ou non tardan catro meses.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): O Concello non pode pedir por Amazon.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non se pode mercar por Amazon, don José Luis, se non o sabe.

Neste momento sendo as 20:34h, se ausenta do Pleno o Sr. Sierra.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Mire, case me dan gañas de fabricalas eu e punto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois se se lucra con elo, benvido.

O Sr. Dorribo toma a palabra (PP): Non, vai ser o próximo. Aparecerán postas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Só un segundo, vale?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Chelo, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Tres cousiñas. Isto é un rogo, a transparencia, vale? Non ía ir por ti Abel, pero agora vou. No último pleno dixeches que estaban aquí. Entón, dixéchelo, eh? Está gravado que o gravades vós.

O Sr. Cortés toma a palabra (PSdeG-PSOE): Si, pero houbo actividades no Nadal onde o persoal estivo ocupado facendo outras cousas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vamos a ver, Abel, por deus.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai xente que colle vacacións.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que todos sabemos como se colocan unhas redes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non sei se agora somos todos técnicos colocando redes.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ben, non pasa nada. A transparencia é, como saíu

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 43



Concello de Barbadás

na nota de prensa que publicou La Región hoxe, do Partido Popular, é que os datos Covid, trasládense aos veciños. Están trasladándose dende hai tres días, nada máis. Durante todo o Nadal, o grupo de goberno, non transmitiu á cidadanía os datos dos, ben, da Covid, e realmente pois no Nadal, a cidadanía, se está avisada, se está, vámoslle dicindo que, todos sabemos que é moi bonito o Nadal e que é moi bonita a ilusión dos nenos, pero se os maiores estamos avisados do que hai, as precaucións son maiores. Recordarlles todas as medidas que teñen que tomar. Entón, iso non se publicou durante o Nadal. Entón, por iso pediamos transparencia. Vale? E un pouco que se comunique aos veciños eses datos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Chelo, voulle explicar. Nós consideramos que trasladar ese dato non era oportuno nese momento. O alcalde fixo repetidos escritos, reflexións, chamamentos á cidadanía e saíu na prensa e saíu nas redes sociais e similares. Indicar que hai pois agora mesmo 361 casos, ou aproximadamente. Home, chega un momento no que ao mellor hai que informar, pero ir alertando no seu momento cando había 50-60. Estaba nas redes sociais. Todo o mundo, como dicía eu antes, le. Nós non somos algo diferente do que é Ourense, nin somos diferentes do que é Pereiro de Aguiar ou Toén. Sabemos cal é a situación. Nós informamos en todo momento cales eran as medidas hixienico-sanitarias, as recomendacións e as normativas. Vexa o Facebook do concello, vexa as redes sociais do concello. Outra cousa é que indicamos o número exacto de persoas afectadas. Eu, persoalmente considerarei que non se debía facer porque tamén pode crear unha alarma social fóra de lugar. Fóra de lugar. A partir, dende hai uns días, decidimos publicalo? Si, porque consideramos que hoxe si que hai un número moi importante porque hai menos consciencia, probablemente, da gravidade que pode ter esta situación, este Omicron. Probablemente. Porque din, “ah! es más suave”. Parece que nalgúns casos é máis suave e noutros non. Exactamente, pero eu teño tamén a miña opinión. Pero eu tamén teño a miña opinión. Entón, uns din que si, outros din que non. Entón, hoxe o número considero que é desaforado, pero este alcalde, este goberno e todo o equipo de goberno estivo informando debidamente das medidas hixiénico-sanitarias, das recomendacións, das pautas que había que seguir, e están nas redes sociais e vostede pode velo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Onde?

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJWSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 43



Concello de Barbadás

O Sr. Alcalde toma a palabra: Nas redes sociais do concello, dona Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Dende o día 6 de decembro, vostedes non publicaron nada, de medidas de seguridade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: As recomendacións eran as recomendacións. Non cambiaron, basicamente, non cambiaron. Dona Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É un rogo, nada máis. E despois, pásame un veciño, a ubicación Rúa Leirón. Isto é un camiño que íase arranxar, que xa está orzamentado. Cando van a obra?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Cando se licite.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Aínda non está licitado? Cando sairá?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Está en fase de licitación. Claro, para todo isto necesítanse permisos, o que lle comentaba antes, necesítanse autorizacións, informes sectoriais. Entón, cando estea todo, xa está todo enfiado e licitarase. Tense que licitar por lotes nun mesmo expediente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E o veciño sábeo, perfectamente.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Se me pregunta a min terei que trasladalo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Chelo falei eu precisamente co veciño, varias veces, e ela tamén.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pero señor alcalde, vamos a ver, tamén fala con nós. Que pasa, que vostede é dogma de fe.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, digo que si que o sabe, perfectamente, nada máis.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Nada, pero se me pregunta a min eu terei que trasladalo a vostede. Entendo eu, non?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, por favor.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Despois, outro tema das Lamas. Sabe que temos unha pendente dende o que é o cruceiro ata o que é a estrada. Cando chove, iso é unha patinaxe artística por alí porque está inundación tras inundación. Entón o que queremos

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ+H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 43



Concello de Barbadás

é que miren iso cos técnicos. Vamos a pasar un escrito porque os veciños nolo pediron así, a xente que baixa do que é a zona de arriba todo iso cando chove

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Aí agora é unha mágoa que se fora Rafa porque aí íase facer unha intervención en colaboración, creo que coa Deputación. Íase facer unha intervención. Se non se fixo xa unha explanación do terreo. Nós xa estudamos iso cos técnicos para facer aí unha intervención, unha recollida de augas e instalar unhas rexillas. Claro é que é complicado porque pasa de area a asfalto e entón prodúcese un barrizal e esbaramentos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É unha loucura. De feito ían a presentar un escrito, non sei se é a través da asociación pero, claro, díxenlle, hai pleno este luns, levámolo.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Xa o teñen plantexado e os veciños directamente implicados. De feito alí, hai unha persoa que anda en cadeira de rodas e sempre que require a nosa presenza, nós acudimos alí para o que necesite, para barrer a rúa, para o que sexa.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): É que ese é un dos problemas porque iso é un barrizal. Ou sexa, é que non se pode... entón que tomen medidas se non presentámolo escrito para que realmente... pois, iso é o que nós dicíamos antes de que se beneficia a máis veciños, os proxectos. Pero nada máis. Bo día a todos, boas noites.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Igualmente. Moitas grazas.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): María, maría quere intervir.

A Sra. Grande toma a palabra (PP): Quería saber, que no anterior pleno dixen o da rúa Zama e dixeron que ían ir por alí pero ninguén pasou por alí. Segue todo

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Alí botouse asfalto.

A Sra. Grande toma a palabra (PP): Na rúa Zama?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Claro, botouse asfalto, ao cabo de dous días de solicitado.

A Sra. Grande toma a palabra (PP): Acaban de dicirmo agora mesmo que non se fixo nada. Acaban de mandarme unha mensaxe, por favor,

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZH62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 43



Concello de Barbadás

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pois eu teño un parte de obras que demostra que se botou asfalto. Se quere envióllo. É que... Claro, taparon o máis gordo. É que nós agora non podemos facer unha intervención nun vial que vai saír a licitación, porque iso non o podemos facer. Iso é malgastar o diñeiro público.

A Sra. Grande toma a palabra (PP): Eu pregunteino porque me acaban xusto, de escribir agora.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pois ao cabo de dous-tres días, aparte da fe o señor Ramón Padrón que pasa por alí a miúdo, a brigada estivo alí.

O Sr. Padrón toma a palabra (CxB): Foi na licitación do remanente, ese vial. O que pasa é que eu lle trasladei a ela que polo menos foran a tapar.

O Sr. Alcalde toma a palabra: E fíxose.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pero xa se fixo. Claro. Pero, o que pasa, home, pois botarémolles algo máis pero...

A Sra. Grande toma a palabra (PP): Acábanme de escribir, porfa, pregunta isto, porque é un desastre. Eu non sei porque non pasei por ela. Eu non sei porque non pasei por ela.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dona Chelo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Que esquecín, perdón. Perdón por iso. Hai un reparo na xunta, é que están falando entre eles. Na xunta de goberno local que nos pasaron hoxe, hai un reparo de intervención pola factura do que é da Avda. De Celanova, da obra de saneamento.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, está levantado.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): De que foi o reparo?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): A ver, o reparo foi porque o acabado do pintado non era o axeitado porque choveu e foi en formigón entón a pintura en formigón non pega tan ben. Entón a interventora non deu a súa conformidade.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Pola pintura?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Pola pintura que se esbaeu, que choveo sobre o

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJUSWHPMZ-H62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 43



Concello de Barbadás

formigón.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Vostedes saben que pola nova lei de contratos, a intervención vai visitar as obras in situ, para a recepción. A última recepción

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vai a todas?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Si. A todas as que son de licitación. Aos contratos menores, por exemplo, imaxínese, unha obra de 38.000 € non vai, pero

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): As outras vai, vai a todas?

A Sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Non, é que aparte ten que asinar a acta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. É así. Ben, levantamos a sesión, señores e señoras.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 20:43 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE
XERAL

A SECRETARIA

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 36LC72TDDJ5WHPMZ+62EST352 | Corrección: <https://barbadas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 43